

Análise da obra “*Qué facer*” de Lenin

1-Introdución

Podemos calificar esta obra, como unha crítica ás tendencias oportunistas que se observaban a nivel internacional e nomeadamente en Rusia, no movemento socialdemócrata ruso (hai que ter en conta que o significado da palabra “socialdemócrata” era moi diferente do actual) a finais do século XIX e inicios do século XX, ao fío da folla de ruta defendida por certos grupos e tendencias políticas supostamente “socialistas” e “marxistas”, mais que a súa política estaba lonxe de ser socialista e marxista, estando contaminada polo culto á espontaneidade, polo desprezo á teoría revolucionaria, polo economicismo, pola redución da política aos intereses inmediatos e tanxíbeis (desbotando as metas políticas) polo aventureirismo, polo desprezo face á necesidade da constitución dunha sólida organización dos revolucionarios, pola disgregación das loitas e a falta de centralidade da clase obreira como suxeito político etc. É evidente que é unha obra feita na Rusia autocrática, tsarista e semi-feudal dos inicios do século XX, un contexto ben diferente á Galiza de hoxe, unha nación dependente, con elementos coloniais, mais dentro de Europa Occidental e planamente capitalista, tendo en conta a evolución da súa formación social e a composición de clases. Polo tanto, cómpre sempre facermos a análise concreta da realidade concreta, esencia do marxismo. Porén, eses elementos citados anteriormente, que definían ás tendencias oportunistas, seguen vixentes hoxe, quer na súa forma clásica quer na súa forma posmoderna. Polo tanto, o obxectivo do presente texto, non é facer un resumo do texto, senón sinalar aquelas cuestións que seguen de plena vixencia na actualidade, mesmo na Galiza de hoxe, tamén para economizar o traballo e invitar aos nosos militantes, colaboradores, simpatizantes e calquera persoa máis ou menos afín ao comunismo e o independentismo galego, a que lean a obra e verán que esas cuestións aquí mencionadas, están presentes no texto dunha ou doutra forma

Deixo aquí a obra para a súa lectura:

<https://www.marxists.org/portugues/lenin/1902/quefazer/fazer.pdf>

2-Cuestións a ter en conta e vixentes na actualidade

Preséntanse pois, unha serie de temáticas que poden axudar a orientar a lectura da obra do Lenin:

2.1-O verdadeiro significado da loita de clases

En moitas ocasións, a loita de clases aparece asociada unicamente á loita económica por mellores salarios, convenios, empregos e pensións. Dito doutro xeito: “a loita económica contra os patróns e o goberno”, como dicían os economicistas da época de Lenin. Isto é unha caracterización reformista e puramente sindicalista da loita de clases. Porén, a caracterización marxista da loita de clases é ben diferente: a loita de clases é o motor da historia. Toda a historia, é a historia da loita de clases subalternas contra as clases dominantes, para derrubar o vello orde social dominante, para erguer unha nova orde social radicalmente diferente. Nese senso, a clase obreira ten unha misión histórica determinada: dirixir o proceso revolucionario encamiñado face a destrución do poder burgués e a orde social capitalista, a conquista e o

exercicio do poder político a través da ditadura do proletariado e o Estado socialista, para finalmente avanzar face a abolición das clases sociais e o propio Estado (a través dun proceso de extinción) para chegar ao comunismo. Isto é así, por que os intereses obxectivos da clase obreira e a burguesía son antagónicos e irreconciliábeis, sobre a base dun modo de produción vixente baseado precisamente na obtención de beneficio dunha minoría de parásitos burgueses a costa do traballo dos explotados, coa extracción de máis-valía. Nos seguintes puntos aprofundaremos máis no significado auténtico da loita de clases

2.2-Relación dialéctica entre infraestruturas e supraestruturas

Aínda que esta cuestión teórica non aparece sinalada directamente no texto, é unha cuestión de vital importancia para a comprensión da obra. Debemos ter claro que unha sociedade é un modo de produción. Isto é, a infraestruturas económica, as relacións materiais e de produción, son as que determinan a supraestruturas social, política e cultural, que fai referencia aos métodos coercitivos e ideolóxicos empregados polas clases dominantes na sociedade, para manter, reforzar e lexitimar a súa hexemonía. Aliás, entre infraestruturas e supraestruturas existe unha relación dialéctica e bilateral. Se entendemos esta cuestión elemental, seremos capaces de entender a necesidade da conquista do poder político pola vía revolucionaria para derrubar o complexo aparello estatal que sostén o poder burgués. Porén, os reformistas nas súas diferentes versións, acreditan na escisión da infraestruturas e a supraestruturas, ou no mellor dos casos, nunha relación mecanicista entre a infraestruturas e a supraestruturas, acreditando que os cambios económicos van conducir mecánicamente a un cambio político, isto é, a emancipación dos oprimidos e explotados virá a través de reformas económicas graduais no marco da ditadura do capital, diluíndo ou agochando os antagonismos de clase. Aprofundaremos aínda máis nesta cuestión nos seguintes puntos. Aliás, estas teses oportunistas, ao desligar ou non asumir a relación dialéctica e bilateral entre infraestruturas e supraestruturas, reproducen a ideoloxía burguesa, ao acreditar na súa visión fragmentadora da sociedade, sen unha visión integral da totalidade da realidade social que entenda as complexas relacións de poder e de dominación existentes dentro dela. Isto tamén terá a súa implicación na dispersión e fragmentación das loitas, como veremos despois

2.3-O verdadeiro significado da consciencia de clase

Se temos en conta o que dixemos nos dous puntos anteriores, pode ser relativamente sinxelo entender a auténtica dimensión da consciencia de clase. O feito de que os traballadores comezan a organizarse colectivamente a través do sindicato, a asumir que pertencen a un colectivo a un mesmo colectivo con problemáticas común, cunha situación de precariedade, negación de dereitos sociais e laborais fundamentais, así como a necesidade de defender unhas reivindicacións que pasan por melloras para os traballadores, non representa máis que unha fase embrionaria e primitiva de consciencia, que poderíamos denominar como “consciencia sindical”, que tampouco queremos desprezar. Porén, iso non é suficiente para acadar unha auténtica consciencia de clase, entendida como unha consciencia de clase revolucionaria e non simplemente como unha “consciencia sindical”. Deste xeito, se entendemos a loita de clases como motor da historia, entón a consciencia de clase implica asumir a misión histórica que lle corresponde á clase obreira como suceso revolucionario, pasando de ser unha “clase por si” a ser unha “clase para si”, contando cunha visión integral

que permite achegarnos ao coñecemento da totalidade da realidade social e polo tanto da orde social burguesa como garante de toda opresión e explotación, asumindo a necesidade de superala pola vía revolucionaria. Deste xeito, é tamén como chegaremos á verdade (que é revolucionaria) a través da estreita ligazón entre teoría e praxe, fronte a unha hexemonía burguesa baseada na intoxicación das masas

2.4-Desprezo pola teoría revolucionaria e oportunismo enmascarado baixo a defensa da “heterodoxia”, a “liberdade”, as visións “críticas” e o “novo”

Como podemos ver no texto de Lenin (nomeadamente na súa primeira parte) non é nada novo que os oportunistas se presenten como os defensores do “novo” e da “liberdade de crítica”, enmascarando o seu oportunismo. Sempre empregaron ese recurso. Polo tanto, non é ningunha novidade que os novos oportunistas posmodernos fagan o mesmo. En realidade, o “novo” oportunismo, aínda que se presente de forma parcialmente diferente, non é tan novedoso. Todo eles, desde o Bernstein de inicios do século XX (coa súa tese de “o movemento é todo, o fin é nada” que analizaremos en profundida máis adiante) defenden basicamente o mesmo, a renuncia á vía revolucionaria para a conquista do poder obreiro-popular e o socialismo, en definitiva, a renuncia á loita de clases e a defensa da conciliación de clases e dunha inexistente vía face a xustiza social no marco do capitalismo e as institucións burguesas, a través de reformas graduais. Dicían e seguen dicindo que o marxismo está “anticuado”, porén tamén hai que dicir que as concepcións destes oportunistas son en grande medida herdeiras do socialismo utópico pre-marxista. Estes oportunistas, así como o propio sistema, na actualidade aproveitan a derrota que supuxo a desaparición do bloque democrático-popular e socialista, para vendernos o “fin da historia”, onde xa non existiría a loita de clases e o capitalismo sería incuestionábel. Aliás, a suposta defensa da “liberdade de crítica” dos oportunistas fronte ao marxismo, está hoxe de plena vixencia cando se nega a existencia dun método científico para a análise da realidade social, posto que xa non existen verdades comprobadas pola ciencia, polo tanto, todas as ideas son válidas ou lexítimas. Isto é un claro exemplo de relativismo liberal

Por outra banda, dentro do activismo, é moi habitual (tamén na actualidade) a tendencia a pensar que a teoría marxista é un obstáculo na práctica diaria, mesmo defendendo que a teoría entra en contradición coa praxe. Como dicían os oportunistas criticados por Lenin, “o marxismo entra en contradición coa táctica-plan”. En definitiva, que o que está estudado pola teoría marxista está moi ben, pero non serve de nada na acción. Trátase pois dun activismo sen cabeza, que rexeita a teoría marxista, negando o marxismo como guía para a acción revolucionaria. Isto non implica que debamos caer no teoricismo abstracto, porén, o marxismo como método de análise, é a guía que nos permite desenvolver unha praxe revolucionaria e ao revés, a práctica e a experiencia serven para nutrir o noso coñecemento teórico. Velaí a unidade entre teoría e praxe revolucionaria. En definitiva, son perspectivas propias do activismo sen cabeza, en contraposición ao modelo de militancia revolucionaria

2.5-Espontaneísmo e movimentismo

“O movemento é todo, o fin é nada”, dicía Bernstein. Naturalmente, a orde dominante xera por si mesmo, polas súas propias contradicións, loitas inmediatas e espontáneas, como consecuencia da súa propia dinámica, loitas inmediatas e espontáneas que son respostas

puramente embrionarias aos problemas criados pola orde social vixente, mais que por si mesmas, non son capaces de ir á raíz dos problemas e de cuestionar a hexemonía das clases dominantes. Evidentemente, para ir á raíz do problema e combater o dominio do capital, fai falta unha dirección política revolucionaria, con capacidade para integrar todas as loitas nunha única loita pola conquista do poder político.

O problema aparece cando de forma máis ou menos implícita, deféndese o culto á espontaneidade das masas. Este é o caso dos oportunistas, que negan a necesidade dunha dirección revolucionaria con capacidade para elevar o nivel de consciencia de clase das masas e avanzar face a conquista do poder político. Isto implica rebaixar a loita política ao nivel das loitas inmediatas e espontáneas, no marco do capitalismo e polo tanto sen procurar debilitar a hexemonía ideolóxica da burguesía nas masas. Isto é o que hai detrás da famosa frase do “movemento é todo, o fin é nada” de Bernstein. Négase a necesidade dunha dirección política revolucionaria con capacidade para elevar o nivel de consciencia de clase das masas, para combater a ideoloxía burguesa no seo do movemento obreiro e popular e polo tanto negando a necesidade de formular unha loita a longo prazo pola superación revolucionaria da orde social vixente

2.6-Funcións e limitacións do sindicato e da política sindical

Como xa dixemos antes, o sindicato serve para comezar a organizar sectores obreiros sen consciencia de clase, como fase embrionaria para organizalos e que comecen a asumir a defensa duns intereses comúns a un colectivo de traballadores. Porén, cómpre ter claras tamén as súas limitacións. Isto era o que dicía Marx, no seu informe “Salario, prezo e lucro”:

“Ao mesmo tempo, e aínda abstraíndo totalmente a escravización xeral que o sistema do salariado implica, a clase operária non debe exagerar a seus propios ollos o resultado final destas lutas diárias. Non debe esquecer-se de que luta contra os efectos, mas non contra as causas desses efectos; que logra conter o movemento descendente, mas non fazê-lo mudar de direção; que aplica paliativos, mas não cura a enfermidade. Não deve, portanto, deixar-se absorver exclusivamente por essas inevitáveis lutas de guerrilhas, provocadas continuamente pelos abusos incessantes do capital ou pelas flutuações do mercado. A classe operária deve saber que o sistema atual, mesmo com todas as misérias que lhe impõe, engendra simultaneamente as condições materiais e as formas sociais necessárias para uma reconstrução econômica da sociedade. Em vez do lema conservador de: "Um salário justo por uma jornada de trabalho justa!", deverá inscrever na sua bandeira esta divisa revolucionária: "Abolição do sistema de trabalho assalariado!" (...) Os sindicatos trabalham bem como centro de resistência contra as usurpações do capital. Falham em alguns casos, por usar pouco inteligentemente a sua força. Mas, são deficientes, de modo geral, por se limitarem a uma luta de guerrilhas contra os efeitos do sistema existente, em lugar de ao mesmo tempo se esforçarem para mudá-lo, em lugar de empregarem suas forças organizadas como alavanca para a emancipação final da classe operária, isto é, para a abolição definitiva do sistema de trabalho assalariado.”

Isto é, os sindicatos, mesmo os sindicatos cunha práctica coherente de defensa dos traballadores fronte ás agresións do capital (como por exemplo, a CIG) son reformistas por definición, a súa función principal é a loita económica e inmediata por reformas e dereitos no marco do capitalismo. Os sindicatos de clase como a CIG, representan loitas xustas e nobres e sen dúbida hai que incidir e traballar neles, mais sen desbotar a necesaria loita por reformas, o que non podemos facer é rebaixar a política revolucionaria ao nivel da política sindical, para

iso é preciso ferramentas políticas que loiten longo prazo pola conquista do poder político para os traballadores, sen ficar reducidos á defensa de reformas, senón que deben ligar o inmediato co estratéxico, como veremos máis adiante. Este tema tamén esta presente na obra de Lenin, onde polemiza cos oportunistas que defendían rebaixar a política socialista ao nivel da política sindical

2.7-Loita económica e loita política. Economicismo obreirista

Algúns fragmentos da obra, onde Lenin fala das limitacións das loita económica, desmontando as concepcións oportunistas que tenden a reducir a loita política ao eido da loita económica:

“Não é social-democrata aquele que, na prática, esquece que seu dever é ser o primeiro a colocar, despertar e resolver toda questão democrática de ordem geral”

“Em uma palavra, todo secretário de sindicato conduz e ajuda a conduzir a "luta econômica contra os patrões e o governo". E não seria demais insistir que isto ainda não é "social-democratismo"; que o social-democrata não deve ter por ideal o secretário do sindicato, mas o tribuno popular, que sabe reagir contra toda manifestação de arbitrariedade e de opressão, onde quer que se produza, qualquer que seja a classe ou camada social atingida”

“A consciência política de classe não pode ser levada ao operário senão do exterior, isto é, do exterior da luta econômica, do exterior da esfera das relações entre operários e patrões. O único domínio onde se poderá extrair esses conhecimentos é o das relações de todas as classes e categorias da população com o Estado e o governo, o domínio das relações de todas as classes entre si”

“A luta econômica "incita" os operários "a pensar" unicamente na atitude do governo em relação à classe operária, por isso, quaisquer que sejam os esforços que façamos para "conferir à própria luta econômica um caráter político", jamais poderemos, dentro desse objetivo, desenvolver a consciência política dos operários (até o nível da consciência política social-democrata), pois, os próprios limites desse objetivo são demasiado estreitos”

“A consciência da classe operária não pode ser uma consciência política verdadeira, se os operários não estiverem habituados a reagir contra todo abuso, toda manifestação de arbitrariedade, de opressão e de violência, quaisquer que sejam as classes atingidas; a reagir justamente do ponto de vista social-democrata, e não de qualquer outro ponto de vista. A consciência das massas operárias não pode ser uma consciência de classe verdadeira, se os operários não aprenderem a aproveitar os fatos e os acontecimentos políticos concretos e de grande atualidade, para observar cada uma das outras classes sociais em todas as manifestações de sua vida intelectual, moral e política; se não aprenderem a aplicar praticamente a análise e o critério materialista a todas as formas da atividade e da vida de todas as classes, categorias e grupos de população. Todo aquele que orienta a atenção, o espírito de observação e a consciência da classe operária exclusiva ou preponderantemente para ela própria, não é um social-democrata; pois para conhecer a si própria, de fato, a classe operária deve ter um conhecimento preciso das relações recíprocas de todas as classes da sociedade contemporânea, conhecimento não apenas teórico... ou melhor: não só teórico, como fundamentado na experiência da vida política. Eis porque nossos "economistas", que pregam a luta econômica como o meio mais amplamente aplicável para integrar as massas no

movimento político, realizan un traballo profundamente prejudicial e reaccionario en seus resultados prácticos”

“A social-democracia dirige a luta da clase operaria, não apenas para obter condições vantajosas na venda da força de trabalho, mas, também, pela abolição da ordem social, que obriga os não possuidores a se venderem aos ricos. A social-democracia representa a classe operaria em suas relações não apenas com um determinado grupo de empregadores, mas com todas as classes da sociedade contemporânea, com o Estado como força política organizada. Consequentemente, portanto, os sociais-democratas não podem limitar-se à luta econômica, mas, também não podem admitir que a organização das denúncias econômicas constitua sua atividade mais definida. Devemos empreender ativamente a educação política da classe operaria, trabalhar para desenvolver sua consciência política”

En definitiva, este economicismo obreirista que hoxe clama pola dispersión e a fragmentación das loitas polo posmodernismo, é tamén responsábel da citada dispersión e fragmentación e da falta de centralidade da clase obreira como suxeito político. Economicismo obreirista e posmodernismo, son só as dúas caras dunha mesma moeda, só se diferencian en cuestións superficiais e estéticas. Ao restrinxir a loita obreira á loita económica, isto implica que a clase obreira fique reducida a traballar a súa “leira”, isto é, só a loitar polos asuntos “obreiristas”, ou sexa, propiamente dos obreiros, limitándose á loita nos centros de traballo contra o seu propio patrón, ou no mellor dos casos á “loita económica contra o goberno e a patronal”, como dicían os economicistas da época de Lenin. Deste xeito, a clase obreira non conta cunha visión integral da realidade social e do conxunto de problemas que afectan á sociedade burguesa e da necesidade da revolución e o socialismo para darlles solución. Aliás, sempre van xurdir problemas sociais, políticos e democráticos que as clases dominantes non son capaces de abordar ou darlle solución (opresión nacional, de xénero, racial, cuestión medioambiental) se a clase obreira non integra estas cuestión dentro dun programa revolucionario, as loitas e que xurdirán como resposta a eses problemas, serán dirixidos por sectores da burguesía

2.8-A necesidade da vangarda revolucionaria

Así pois, tendo en conta todo o dito anteriormente, para que a clase obreira conte con independencia política e ideolóxica, para que non fique reducida as loitas espontáneas ou por reformas económicas no marco do capitalismo, sen un horizonte revolucionario a longo prazo, é necesaria unha ferramenta política de clase, un partido comunista que exerza como vangarda das masas

A experiencia que nos ofrece a realidade actual, en certos países onde se observou nos últimos tempos un aumento importante da conflictividade social fronte á axenda reaccionaria do grande capital (Catalunya, Ecuador, Chile, Francia etc) é precisamente a necesidade desta ferramenta imprescindible e a recomposición do comunismo, para superar o espontaneísmo destes movementos populares e para abrir camiño face a conquista de metas políticas superiores, baixo unha sólida dirección de clase

2.9- A redución da política ao nivel dos intereses inmediatos e cotiáns. A necesidade da loita polas metas políticas superiores. Guerra de posicións vs guerra de movementos

Existe a falacia de que aos traballadores hai que falarlles simplemente daqueles temas que lles afectan máis directamente na vida cotiá, isto é, “das cousas de comer”, dos seus intereses inmediatos, para atraer aos sectores populares máis atrasados. Isto é asentar nos explotados unha visión conservadora da realidade e polo tanto, non axuda a elevar o nivel de consciencia das masas. Decía Lenin sobre o movemento socialdemócrata ruso da súa época que *“Nosso erro capital é rebaixar nossas tarefas políticas e de organização ao nível dos interesses imediatos, “tangíveis”, “concretos” da luta econômica cotidiana”*. Algo semellante poderíamos dicir sobre o soberanismo galego na actualidade, tanto no referente á cuestión nacional como na cuestión de clase. Recoñecendo que a expresión maioritaria do soberanismo (o BNG) é o máis avanzado que temos actualmente, existe a tendencia a reducir as metas políticas a un simple produto accesorio, mentres a acción política fica limitada á defensa dos intereses inmediatos e reformas dentro do marco actual, reproducindo posicións reformistas e autonomistas, cando nunha nación asoballada como a nosa, debería ocupar un papel central a loita pola ruptura e a República galega, como vía para erguermos un marco político para o exercicio da plena soberanía nacional e o poder político para as clases populares, tendo en conta tamén a crise do réxime español e a brutal ofensiva reaccionaria das clases dominantes, agudizando o proceso de centralización e concentración de capitais nunhas poucas mans, reforzando a unidade de mercado ao servizo do grande capital, a través da asimilación e a dependencia das nacións oprimidas, o que imposibilita calquera vía pactada e reformista dentro do Estado español.

Do mesmo xeito que os socialdemócratas rusos de inicios do século XX tiñan como tarefa política democrática, a ruptura co tsarismo e a autocracia feudal e recoñecendo que o contexto galego do século XXI é moi diferente, o soberanismo galego debe socializar sen complexos na súa praxe cotiá o horizonte de ruptura e a República galega, integrando o táctico dentro do estratéxico (usando a loita por reformas para amosar as contradicións e limitacións do actual marco) sen reducir tampouco a República galega a unha simple consigna abstracta, senón enraizada no concreto, como vía para resolver os nosos problemas, rachando coa dependencia e o capitalismo. Cómpre polo tanto, que a loita de clases non fiquese reducida ao eido sindical e da defensa dos intereses inmediatos, debemos elevala ao terreo político, isto é, a alianza de clases populares pola liberación nacional debe ser dirixida pola clase obreira, para superar as vacilacións da “clase media” progresista na confrontación contra o Estado español e o grande capital e ao mesmo tempo orientar o proceso face ao socialismo

Naturalmente, o propio Lenin encargouse de deixar claro na súa obra que había no seu tempo unha grande diferenza entre a Rusia autocrática e tsarista e as democracias burguesas cunhas liberdades políticas mínimas, diferenzas que lóxicamente tamén se presentan na acción política das forzas revolucionarias. Velaí a contraposición entre a “guerra de movementos” dos países atrasados ou que carecen totalmente de liberdades políticas mínimas, fronte á “guerra de posicións” gramsciana, propia das democracias burguesas occidentais. Tradicionalmente, os revolucionarios souberon manexarse mellor nun escenario de “guerra de movementos”, onde a insurrección contra o réxime constituído está á orde do día, pois son réximes máis febles no terreo ideolóxico. Pola contra, non se soubo organizar con eficacia a guerra de posicións nas democracias burguesas occidentais ou mesmo manipulouse o concepto da “guerra de posicións” para xustificar unha política baseada no acomodamento sistémico, o colaboracionismo de clase e o institucionalismo burgués. Un exemplo disto foi o

eurocomunismo, en certos Estados imperialistas de Europa, durante a segunda metade do século XX, favorecido polo crecemento da aristocracia obreira nestes centros imperialistas, como resultado do chamado “Estado de benestar”, produto non só dunha correlación de forzas froito da existencia dun potente bloque democrático-popular e socialista, senón tamén polo espolio dos países dependentes, periféricos e colonizados, no marco da división internacional do traballo propia da fase imperialista do capitalismo

Sen rexeitar categóricamente a vía insurreccional (sempre desde a máxima fusión coas masas) como vía para acadar o poder, está claro que non está a orde do día no noso contexto (e de feito estamos moi lonxe desa etapa) polo tanto a loita ideolóxica adquire unha importancia fundamental, para ir debilitando a hexemonía ideolóxica do capital e avanzando na organización das masas, a través dunha loita paciente, co obxectivo de preparar a confrontación contra o bloque dominante e o asalto revolucionario ao poder político. Velaí, a importancia dun proceso de debate como o do MGS, que debe axudar a organizar a guerra de posicións no contexto galego e partindo da situación actual do noso movemento político, para axudar á clarificación da folla de ruta do proxecto nacional-popular galego, no camiño da República galega

2.10-O papel dos intelectuais na organización revolucionaria

A adquisición de consciencia de clase vai vir, como dicía Lenin “desde fóra da esfera de relacións entre obreiros e patróns” e nisto é fundamental o papel dos intelectuais revolucionarios, de clase, isto é, os intelectuais orgánicos dos que falaba Gramsci. Hai que ter en conta que os intelectuais non forman unha clase independente, mais cumpren unha función fundamental, pola súa capacidade de influencia cultural e ideolóxica, quer a o servizo da orde dominante, quer ao servizo da causa obreira e popular. Aliás, o propio partido comunista (se exerce como tal) é un intelectual orgánico colectivo da clase obreira, con capacidade para dirixir a loita ideolóxica pola hexemonía. Non ten sentido pois, como defendía o propio Lenin, desprezar o papel dos intelectuais na revolución, pois a clase obreira non vai adquirir a consciencia espontaneamente, senón que debe ser infundida desde a vangarda revolucionaria, como a organización dos elementos máis conscientes da sociedade, que actúa (como acabamos de dicir) como un intelectual orgánico

2.11-Subxectivismo. A falacia da “autonomía” das loitas populares.

Isto é máis un exemplo que amosa a continuidade entre as vellas e as novas formas de oportunismo. Lenin criticaba no texto aos oportunistas que defendían a “autonomía” e o carácter espontáneo da loita obreira, fronte ás “inxerencias” dos intelectuais revolucionarios. Do mesmo xeito, hoxe vemos quen defende unha suposta “autonomía” dos movementos sociais, baixo a tese subxectivista que defende que o coñecemento da realidade social fica reducido a padecer a opresión e a explotación en primeira persoa, desbotando calquera método científico que intente ofrecernos unha perspectiva integral da realidade. En realidade, a diferenza entre o vello oportunismo e o novo oportunismo, é mínimo nesta cuestión. Hai que recoñecer que tanto os sindicatos de clase como os movementos sociais poden representar causas lexítimas e nobres, mais que nunca son autónomos: poden servir para a reprodución da ideoloxía burguesa nas súas diferentes formas, ou pola contra estas loitas poden estar integradas dentro dunha estratexia revolucionaria. Polo tanto, quen está defendendo a

“autonomía” destas loitas, desbotando a necesaria dirección política revolucionaria, o que está defendendo en realidade, é a súa despolitización e que sirvan para a reprodución da ideoloxía dominante

2.12-Voluntarismo sen organización sólida

Lenin (en usar exactamente o termo voluntarismo) reflicte sobre os problemas que temos analizado moitas veces que existen en grande medida no seo da nosa organización xuvenil, así como no noso partido. Reflicte sobre as carencias organizativas que presentaba a socialdemocracia rusa da súa época, a existencia de novos sectores revolucionarios moi enéxicos e espontáneos, mais escasamente preparados e sen unha organización sólida para acometer as tarefas políticas na Rusia daquel momento. Isto era o que chamaba, o “primitivismo” na organización, certo é, que nun contexto totalmente diferente ao noso, con grandes dificultades para a comunicación entre os militantes, nun país de grandes dimensións como era Rusia. Se ben é certo, que estes problemas adquiren no noso contexto actual unha dimensión diferente. O voluntarismo (na nosa organización xuvenil, no noso partido e mesmo dentro do conxunto do movemento nacional-popular galego) é unha consecuencia de que todo o traballo militante é asumido por un grupo minoritario de persoas dentro da organización, pola escasa implicación militante en termos xerais (a difereza do contexto ruso de inicios do século XX). Podemos dicir, polo tanto, que na Rusia do século XX, a militancia era (en termos xerais) moi enerxética e entusiasta, mais con pouca coordinación e organización, así polo menos foi sinalado por Lenin nesta obra, mentres que no noso contexto é ao revés, existe unha grande desmotivación e non se quere asumir os sacrificios propios da militancia, mesmo nalgún casos procurando reducir a actividade política ao hedonismo, froito dunhas visións individualistas, liberais e pequeno-burguesas que tamén chegan ao nacionalismo e a esquerda

2.13-O novo e o vello oportunismo. Posmodernismo. Fragmentación das loitas

Como sinalamos antes nesta análise, as novas formas de oportunismo posmoderno, non son máis que unha continuación das velhas formas de oportunismo. A limitación da loita política ao inmediato, quer a través do obreirismo, quer a través do posmodernismo, é sinónimo de fragmentación, de múltiples loitas sen un fío común revolucionario e de clase, como é a loita polo poder político para os traballadores. Velaí a hipocresía dos vellos reformistas, que se queixan da fragmentación inducida polo posmodernismo, sen asumir a súa propia responsabilidade nesa fragmentación. Claro, que esa autocrítica implicaría facer unha emenda á totalidade da súa liña política

2.14-Reformismo e esquerdismo

Isto era o que dicía Lenin sobre estas dúas tendencias que son as dúas caras dunha mesma moeda:

“Os "economistas" e terroristas de hoje possuem uma raiz comum, a saber, esse culto da espontaneidade de que falamos no capítulo anterior, como de um fenômeno geral, e que iremos agora examinar em relação à sua influência sobre a ação e a luta políticas. À primeira vista, nossa afirmação pode parecer paradoxal, tão grande parece a diferença entre os que

colocam em primeiro plano "a obscura luta cotidiana", e os que induzem o indivíduo isolado a lutar com a maior abnegação. Mas tal ponto não constitui um paradoxo. "Economistas" e terroristas inclinam-se perante os dois pólos opostos e da tendência espontânea: os "economistas", diante da espontaneidade do "movimento operário puro"; os terroristas, diante da espontaneidade da mais ardente indignação dos intelectuais que não sabem ou não podem conjugar o trabalho revolucionário e o movimento operário. De fato, é difícil para os que perderam a fé nessa possibilidade, ou que nela jamais acreditaram, encontrar outra saída para sua indignação e energia revolucionária, que não o terrorismo"

"Uns lançam-se à procura de "excitantes" artificiais, outros falam de "reivindicações concretas". Tanto uns como outros não prestam atenção suficiente ao desenvolvimento de sua própria atividade em matéria de agitação política e de organização de revelações políticas. E não há nada que possa substituir isso, nem agora, nem em qualquer outro momento."

En verdade, o calificativo de "terrorismo", na actualidade non resultaría o máis axeitado, nen sequera para calificar a existencia de grupos armados, servindo ese calificativo para criminalizar a disidencia contra a orde dominante. Aínda así, e sendo conscientes que na Galiza non existe grupo armado ningún, máis alá das forzas de ocupación españolas, si que resulta bastante útil a contraposición entre o reformismo e o esquerdismo que fai Lenin nesta obra, como as dúas caras dunha mesma moeda, sendo bastante aplicábel ao contexto galego actual e do noso movemento político. Isto sen falarmos das tendencias máis sucursalistas, como tampouco das tendencias abertamente liberais, que expresan un claro liquidacionismo, segue sendo útil esta contraposición entre aqueles que tenden a rebaixar a loita política ao nivel dos intereses inmediatos e quen pola contra defende unha liña marxinalista, desligada das masas e da necesidade de avanzarmos na unidade de acción no seo do movemento nacional-popular galego, baseándose en accións de auto-consumo ou no aventureirismo, mais sen unha aposta real polo avance da organización e a toma de consciencia das masas. Esa é a política seguida por certos sectores independentistas á marxe do BNG. Ningunha das dúas tendencias serve para elevar o nivel de organización e consciencia do pobo traballador galego, no camiño da liberación nacional de clase

2.15-Activismo localista e a necesidade dunha organización revolucionaria forte e centralizada a nivel nacional

A limitación da loita aos problemas locais, a súa desconexión en relación ao proxecto en chave nacional ou a falta dunha liña no plano local ou municipal integrada dentro do proxecto de liberación como nación e clase, é un problema que tamén afecta ao soberanismo galego dos nosos días, polas feblezas organizativas e as contradicións no seo do noso movemento político. Lenin nesta obra sinala a necesidade dunha coordinación forte no plano nacional, isto é, na necesidade de órganos dirixentes centrais, así como nun órgano de prensa a nivel nacional, que permita ofrecer unha visión integral da realidade rusa desde unha perspectiva revolucionaria e socialista, para preparar con maior eficacia o combate polo poder político, fronte ás visións localistas, que do mesmo xeito que os economicistas reducían a política ao nivel dos intereses inmediatos, neste caso reducían a política ao plano local sen unha visión da totalidade. Desde logo, a necesidade dunha organización revolucionaria forte no plano

nacional, segue vixente na Galiza de hoxe, para a disputa do poder político fronte a España e o capital